



DOCUMENTO DOCUMENTO OPENCERTIAC: TEXTO DEFINITIVO CONVENIO FUNDACIÓN ABRENTE 2021 GALEGO	IDENTIFICADORES OC: 52115I05IF	
OTROS DATOS Código para validación: PG2C0-LIMR3-9VMRM Página 1 de 17	SELLO	FIRMAS



Esta es una copia impresa del documento electrónico (Ref: 1642677 PG2C0-LIMR3-9VMRM C498413A72B274C9B6DD1816030BEF12BF60838C) generada con la aplicación informática Firmadoc. El documento no requiere firmas. Mediante el código de verificación puede comprobar la validez de la firma electrónica de los documentos firmados en la dirección web que le proporciona la entidad emisora de este documento.



Área / Unidad SERVICIOS GENERALES DE INFRAESTRUCTURAS IE3000 IGN	Documento 52115I05IF	
Código de verificación 	Expediente 521/2021/233	
2C48 6Q22 4J06 1T6D 0DHE	Fecha 01-09-2021	

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O EXCMO. CONCELLO DA CORUÑA E A FUNDACIÓN ABRENTE PARA O DESENVOLVEMENTO DE ACTIVIDADES ENCAMIÑADAS Á MELLORA DA ACCESIBILIDADEE NOS PARQUES INFANTÍS DA CIDADE AÑO 2021

Na Coruña, na data da sinatura dixital do documento

Dunha parte:

Don Angel López Fernández, na súa calidade de Presidente da Fundación Abrente, entidade con CIF nº G70397849 e domicilio social na rúa Novoa Santos nº36 baixo de A Coruña, que actúa en nome e representación da citada entidade en virtude do nomeamento acordado na reunión do Padroado da Fundación de data 27 de decembro de 2017,

E doutra

Dona Inés Rey García, alcaldesa do Excmo. Concello da Coruña, en representación do **EXCMO. CONCELLO DA CORUÑA**, en adiante **CONCELLO**

Ambos se recoñecen na representación que ostentan, capacidade para formalizar o presente convenio para o desenvolvemento de actividades encamiñadas á elaboración dunha guía de accesibilidade dos parques infantís da cidade, e así favorecer a inclusión e mellorar a calidade destas áreas de xogo da cidade, e a tal efecto


EXPOÑEN

Que o **CONCELLO**, en virtude do establecido na Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora de Bases de Réxime Local, Lei 5/1997, de 22 de xullo, de Administración Local de Galicia e normas regulamentarias de desenvolvemento, exercerá en todo caso, competencias, nos termos da lexislación do Estado e das Comunidades Autónomas, en infraestruturas viarias e outros equipamentos da súa titularidade (art. 25.2. d da Lei 7/1985).

Que a Lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeral de Subvencións (en adiante LXS), no seu artigo 2.1, entende por subvención toda disposición monetaria realizada polas entidades que integran a Administración Local a favor de persoas públicas ou privadas e que cumpra os seguintes requisitos: que a entrega se realice sen contraprestación directa dos beneficiarios, que a entrega estea suxeita ao cumprimento dun determinado obxectivo, á realización dunha actividade, debendo o beneficiario cumprir as obrigas materiais e formais que se estableceron e que o proxecto financiado teña por obxecto o fomento dunha actividade de utilidade pública ou interese social ou de promoción dunha finalidade pública.

Que a **FUNDACIÓN ABRENTE** é unha organización sen ánimo de lucro de natureza fundacional. Está inscrita no Rexistro único de fundacións de interese galego da Xunta de Galicia co número 2015/04.

DOCUMENTO DOCUMENTO OPENCERTIAC: TEXTO DEFINITIVO CONVENIO FUNDACIÓN ABRENTE 2021 GALEGO	IDENTIFICADORES OC: 52115I05IF	
OTROS DATOS Código para validación: PG2C0-LIMR3-9VMRM Página 2 de 17	SELLO	FIRMAS



Esta es una copia impresa del documento electrónico (Ref: 1642677 PG2C0-LIMR3-9VMRM C0984134728274C9B6DD18160308F12BF60838C) generada con la aplicación informática Firmadoc. El documento no requiere firmas. Mediante el código de verificación puede comprobar la validez de la firma electrónica de los documentos firmados en la dirección web que le proporciona la entidad emisora de este documento.



Entre os fins recollidos nos seus Estatutos establécese: *“promover accións teóricas e prácticas da cultura física e deportiva, así como fomentar a práctica do deporte a través do patrocinio de eventos deportivos, poñendo especial interese na integración social e laboral das persoas con discapacidade física, psíquica ou sensorial. Así como a defensa e atención de colectivos en risco de exclusión por razóns físicas, sociais ou culturais. O desenvolvemento do obxectivo fundacional poderá ser realizado directamente pola Fundación ou mediante colaboración con outras entidades, organismos, institucións ou persoas que contribúan á consecución dos fins fundacionais”*

Que a confluencia dos plantexamentos expostos aconsella e ampara para o cumprimento dos seus obxectivos, a subscripción dun convenio de colaboración entre **o CONCELLO DA CORUÑA e a FUNDACIÓN ABRENTE** co obxectivo de regular a participación de ambas entidades na elaboración dunha guía de accesibilidade para a inclusión sobre o estado de accesibilidade e usabilidade dos parques infantís da cidade e, en consecuencia, o orzamento municipal para o ano 2021 recolle unha subvención para esta finalidade de carácter nominativo en favor desta entidade por un importe de **QUINCE MIL EUROS (15.000,00 €)**.

Que a LXS dispón no seu artigo 22.2 que poderán concederse de forma directa as subvencións recollidas nominativamente nos orzamentos, nos termos establecidos nos convenios e na normativa reguladora destas subvencións, e no artigo 28 establece que os convenios serán o instrumento habitual para canalizar estas subvencións

Que, en consecuencia, ambas entidades consideran que o desenvolvemento dun convenio no que se prevexa o desenvolvemento de actividades que contribúan á mellora da accesibilidade dos parques infantís da cidade, contribuirá a mellorar a calidade destes espazos e a inclusión de todos os nenos/as usuarios dos diferentes espazos de ocio infantil da cidade.

Por todo o exposto, as entidades asinantes, en exercicio da súa liberdade e sen renuncia das súas competencias, acordan subscribir o presente convenio coas seguintes

CLÁUSULAS


PRIMEIRA.- Obxecto da axuda e período de realización da actividade

O presente convenio ten por obxecto establecer as bases de colaboración para a elaboración, dixitalización e difusión da *“Guía de accesibilidade para a inclusión dos parques infantís da Coruña”* na que se analizará o deseño dos parques infantís da cidade desde un enfoque de deseño inclusivo e valorarase o seu nivel de accesibilidade así como se avogarase por un deseño universal das áreas e equipamentos de xogo público. Esta guía facilitará ao concello da Coruña o análise da situación actual dos parques infantís da cidade e será unha ferramenta para o acondicionamento destes. Aínda que a Fundación xa elaborou unha guía analizando 30 parques, preténdese finalizar o análise incluíndo o resto de parques infantís da cidade así como a súa dixitalización e difusión.

Os obxectivos específicos desta guía son:

- Analizar o deseño de parques infantís desde un enfoque de deseño inclusivo e valorar o seu nivel de accesibilidade
- Avogar por un deseño universal das áreas e equipamento de xogo público
- Sensibilizar á poboación sobre a importancia do xogo no desenvolvemento dos nenos e nenas
- Facilitar ao CONCELLO da Coruña un análise do estado actual dos parques infantís da cidade e unha ferramenta para o acondicionamento destes.
- Proporcionar á poboación un recurso que recolla as características dos parques infantís da cidade.

DOCUMENTO DOCUMENTO OPENCERTIAC: TEXTO DEFINITIVO CONVENIO FUNDACIÓN ABRENTE 2021 GALEGO	IDENTIFICADORES OC: 52115I05IF	
OTROS DATOS Código para validación: PG2C0-LIMR3-9VMRM Página 3 de 17	SELLO	FIRMAS



Esta es una copia impresa del documento electrónico (Ref: 1642677 PG2C0-LIMR3-9VMRM C4984134728274C9B6DD1816300BF12BFE00838C) generada con la aplicación informática Firmadoc. El documento no requiere firmas. Mediante el código de verificación puede comprobar la validez de la firma electrónica de los documentos firmados en la dirección web que le proporciona la entidad emisora de este documento.



Este obxecto concretarase no desenvolvemento de actividades, accións e plans de actuación que se programaron en 4 fases, as dúas primeiras xa realizadas no ano 2020 e as dúas últimas a realizar entre os anos 2021 e 2022:

- 1ª-Xestión e celebración dunha xornada de traballo con entidades sociais e colectivos relacionados coa infancia e a diversidade funcional.
- 2ª-Revisión e incorporación das achegas da xornada de traballo na guía.
- 3ª-Traballo de campo, análise de datos e maquetación da guía.
- 4ª-Publicación e difusión da guía.

Unicamente serán obxecto deste convenio as actuacións da terceira fase realizadas entre o 1 de xaneiro e o 31 de decembro de 2021.

Nesta terceira fase visitaranse todos os parques infantís da cidade da Coruña para a súa valoración. Utilizarase un formulario específico para facilitar a recollida de información o cal se baseará na lexislación autonómica e nacional vixente en materia de accesibilidade xunto cos criterios revisados e actualizados na xornada de traballo celebrada na primeira fase. Ademais utilizaranse outras ferramentas de avaliación como a observación, a toma de fotografías e de medidas. Posteriormente e para finalizar esta terceira fase do proxecto analizaranse os datos recollidos e se maquetará a guía en formato electrónico.

SEGUNDA.- Obrigas do CONCELLO

O orzamento das actuacións a realizar no presente convenio foron valoradas en 19.519,22€ dos que **QUINCE MIL EUROS (15.000,00 €)** serán aportados polo Excmo. Concello da Coruña

TERCEIRA.- Financiación da actividade

A actividade financiarase coa achega municipal establecida na cláusula segunda deste convenio.


En relación co art. 32 del Regulamento da LXS enténdese que o Orzamento Xeral do CONCELLO estableceu a aportación municipal como un importe certo sen referencia a un porcentaxe ou fracción do coste total e que, en consecuencia, queda a conta do beneficiario, a diferenza de financiación necesaria para a total execución da actividade subvencionada.

Se o custe total da actividade é inferior ao importe da financiación pública, procederá o reintegro desta polo importe que exceda do custo total da actividade, de acordo co art. 32.2 del Regulamento da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións, aprobado por Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo.

Ao mesmo tempo, declárase expresamente a compatibilidade desta subvención con outros ingresos ou subvencións, públicas ou privadas. En todo caso, deberá achegarse relación detallada dos mesmos con indicación do seu importe, orixe e gastos que financiaron, debendo destinarse estes a un incremento dos medios e actuacións previstas neste convenio por encima dos previstos con cargo á aportación do Excmo. Concello da Coruña.

A aportación municipal farase con cargo á aplicación orzamentaria **30.171.489.50 Convenios Nominativos**, descrito no Orzamento Xeral do Concello para o ano 2021 como Convenio nominativo, polo citado importe e para a finalidade de realización de actividades encamiñadas á mellora da accesibilidade dos parques infantís da cidade.

DOCUMENTO DOCUMENTO OPENCERTIAC: TEXTO DEFINITIVO CONVENIO FUNDACIÓN ABRENTE 2021 GALEGO	IDENTIFICADORES OC: 52115I05IF	
OTROS DATOS Código para validación: PG2C0-LIMR3-9VMRM Página 4 de 17	SELLO	FIRMAS



Esta es una copia impresa del documento electrónico (Ref: 1642677-PG2C0-LIMR3-9VMRM-C0984134728274C9B6DD18160308F12BF60838C) generada con la aplicación informática Firmadoc. El documento no requiere firmas. Mediante el código de verificación puede comprobar la validez de la firma electrónica de los documentos firmados en la dirección web que le proporciona la entidad emisora de este documento.



A aportación municipal non poderá superar o déficit resultante do orzamento inicial no que se reflicte a financiación prevista, no momento da concesión, ou o déficit final da actividade, no momento da xustificación.

CUARTA.- Obrigas da FUNDACIÓN ABRENTE

A execución e xustificación do presente convenio corresponderá á **FUNDACIÓN ABRENTE**, correspondendo ao **CONCELLO**, a través do Servizo de Infraestruturas, o control e seguimento dos programas de actuación.

A **Fundación Abrente** comprométese a destinar os fondos achegados polo **CONCELLO** ao desenvolvemento das actividades necesarias para a elaboración da “*Guía de accesibilidade para a inclusión dos parques infantís da Coruña*”, conforme ao obxecto e procedemento establecido na cláusula primeira.

A **Fundación Abrente** comprométese a que todo o persoal dedicado á realización das actividades que impliquen contacto habitual con menores cumpre co requisito previsto no artigo 13.5 da Lei Orgánica 1/1996, de 15 de xaneiro de Protección Xurídica do Menor, asinando a declaración responsable que está incluída no formulario da solicitude.

A **Fundación Abrente** comprométese a comunicarlle ao Concello, por escrito e no prazo máximo **dun mes** desde que teñan coñecemento da súa concesión, a obtención doutras subvencións, axudas, ingresos ou recursos para a mesma finalidade, procedentes de calquera outra Administración Pública, entes públicos ou privados, nacionais ou internacionais, que financien as actividades subvencionadas. Esta comunicación deberá efectuarse, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada aos fondos percibidos.

A **Fundación Abrente** comprométese a conservar os documentos xustificativos da aplicación dos fondos recibidos, en tanto poidan ser obxecto das actuacións de comprobación e control.


A **Fundación Abrente** comprométese a reintegrar os fondos percibidos nos supostos que procedan.

A **Fundación Abrente** comprométese a cumprir o disposto nos artigos 31, 34 e 42 da Ordenanza municipal para a igualdade na diversidade (BOP núm. 204 do 25 de outubro de 2019), en canto á utilización non sexista do linguaxe, a eliminación de estereotipos, a utilización de comunicación inclusiva e o uso de medios para promover a igualdade de mulleres e homes e a eliminación das desigualdades.


A **Fundación Abrente** comprométese ao cumprimento do artigo 20.4 da Ordenanza municipal reguladora do uso da lingua galega no Concello da Coruña (BOP num.16 do 22 de xuño de 2021) que establece que “*a comunicación e a produción escrita e oral (cartelaría, publicidade oral e escrita, redes sociais...) á que dea lugar toda actividade subvencionada polo Concello da Coruña deberá estar en lingua galega*”

A **Fundación Abrente** comprométese a realizar as actividades obxecto do presente convenio nos termos que figuran na memoria e demais documentación presentada coa solicitude, coas modificacións que no seu caso foran aceptadas polo Concello durante o período de execución, sempre que estas non alteren a finalidade que se pretende conseguir coa subvención outorgada, todo iso de acordo co previsto no artigo 49.g) da Lei 40/2015 de 1 de outubro de Réxime Xurídico do Sector Público e nos artigos 61, 64 y 86 do RD 887/2006 del 21 de xullo polo que se aproba o Regulamento Xeral da Lei 38/2003, de 17 de novembro Xeral de Subvencións.

DOCUMENTO DOCUMENTO OPENCERTIAC: TEXTO DEFINITIVO CONVENIO FUNDACIÓN ABRENTE 2021 GALEGO		IDENTIFICADORES OC: 52115I05IF	
OTROS DATOS Código para validación: PG2C0-LIMR3-9VMRM Página 5 de 17		SELLO	FIRMAS



Esta es una copia impresa del documento electrónico (Ref: 1642677 PG2C0-LIMR3-9VMRM C0964134728274C9B6DD18160308F12BFE0838C) generada con la aplicación informática Firmadoc. El documento no requiere firmas. Mediante el código de verificación puede comprobar la validez de la firma electrónica de los documentos firmados en la dirección web que le proporciona la entidad emisora de este documento.



Por outra banda, para os efectos oportunos, a **Fundación Abrente** garante ao **CONCELLO** que obterá as autorizacións e permisos necesarios, calquera que sexa a índole ou alcance, para a execución e desenvolvemento das actividades referidas na estipulación Primeira. En consecuencia, o **CONCELLO** queda liberado de calquera responsabilidade que se puidese poñer de manifesto por razón de ausencia ou de deficiencia de tales autorizacións e permisos, cuxa obtención, xestión e mantemento son de exclusiva responsabilidade da **Fundación Abrente**.

QUINTA.- Gastos subvencionables.

Considéranse gastos subvencionables aqueles que de maneira indubidable respondan á natureza da actividade obxecto da subvención, respondan á natureza da actividade subvencionada, resultan estritamente necesarios e realícense no prazo establecido no convenio, como gastos de persoal, gastos de profesionais, subministracións e servizos efectuados por provedores, etc. En todo caso, debe acreditarse fidedignamente no correspondente xustificante de gasto que o mesmo está directamente relacionado coa actividade. Considerarase gasto realizado o que foi efectivamente pagado antes do 31 de decembro do 2021.

O prazo de execución das actuacións comprenderá desde o 1 de xaneiro ata o 31 de decembro do ano en curso, en consecuencia, as facturas e documentos de valor probatorio equivalente no tráfico xurídico mercantil deberán ser emitidas dentro do referido período (a excepción, no seu caso, do custo da Seguridade Social a cargo da empresa e ingresos de retencións de IRPF que se poderán presentar atendendo aos prazos legal e regulamentariamente establecidos para a súa liquidación ante o organismo competente). Neste sentido indicar que só serán subvencionables aqueles gastos que de maneira indubitada respondan á natureza da actividade subvencionada, e sen que o seu custo poida ser superior ao de mercado.

Serán **subvencionables**:

Gastos directos:


5ª.1.- Gastos correntes: publicidade, dípticos, folletos, material formativo, etc. Neste apartado tamén incluíranse os gastos de subcontratacións de servizos e os gastos de servizos profesionais independentes directamente vinculados á execución dalgunha ou parte das accións para desenvolver dentro deste convenio, e sempre que o seu custe de adquisición non supere o valor de mercado. En ningún caso subvencionarase ningún gasto de inversión, nin a amortización de ningún elemento de inmovilizado. Tampouco, en ningún caso, serán subvencionables os intereses de contas, recargas e sancións administrativas ou penais.

5ª.2.- Gastos de persoal: Custes de persoal, polo importe e contía xustificada de acordo cos convenios que resulten de aplicación. Deberán aportarse nóminas, TC,s Seguridade Social e documentos de ingresos de retencións de IRPF.

Poderase subcontratar ata o 50% da actividade subvencionada. Sen embargo, o réxime de subcontratación suxeitarase aos seguintes límites:

No caso de subcontratacións con entidades que non sexan vinculadas e nos supostos previstos nos apartados a), b), c) e e) do artigo 29.7 da LXS, non se admitirá a subcontratación en ningún caso. No caso de subcontratacións con entidades que non sexa con entidades vinculadas, para supostos distintos do apartado anterior e a subcontratación supere o 50% establecido nesta cláusula, admitíranse como gasto subvencionable só ata o 50% do gasto que finalmente se considere subvencionable e sempre que non se

DOCUMENTO DOCUMENTO OPENCERTIAC: TEXTO DEFINITIVO CONVENIO FUNDACIÓN ABRENTE 2021 GALEGO	IDENTIFICADORES OC: 52115I05IF	
OTROS DATOS Código para validación: PG2C0-LIMR3-9VMRM Página 6 de 17	SELLO	FIRMAS



Esta es una copia impresa del documento electrónico (Ref: 1642677-PG2C0-LIMR3-9VMRM-C4984134728274C9B6DD18160308F12BF60838C) generada con la aplicación informática Firmadoc. El documento no requiere firmas. Mediante el código de verificación puede comprobar la validez de la firma electrónica de los documentos firmados en la dirección web que le proporciona la entidad emisora de este documento.



incremento coa subcontratación o custo da actividade subvencionada agás que este incremento supoña un valor engadido á actividade que deberá ser acreditado..

No caso de subcontratacións con entidades vinculadas, deben observarse os requisitos previstos nos apartados precedentes e ser obxecto a subcontratación de autorización polo órgano concedente da subvención sempre que se acredite que o importe subvencionable non exceda do custo incorrido pola entidade vinculada. A acreditación do custo realizarase na xustificación nos mesmos termos establecidos para a acreditación dos gastos do beneficiario.

A autorización do órgano concedente da subvención obterase de acordo cos seguintes requisitos:

- Solicitud por parte do interesado con carácter previo á execución da actividade subvencionada.
- Acordo do órgano concedente, anterior á execución da actividade subvencionada, estipulando o/os terceiro/s cos que se contratará e o/os servizo/s que se recibe/n.

Non obstante o sinalado nos apartados anteriores, naqueles casos nos que o importe subcontratado supoña unha porcentaxe significativa do conxunto do gasto, avaliarase a posibilidade de non admitir o resto dos gastos por incumprimento do fin para o que se concedeu a subvención.

Os mesmos requisitos serán observados para a adquisición de subministracións e prestación de servizos de acordo coa Instrución de Intervención de data 16.04.2014.

Gastos indirectos:

A **Fundación Abrente** poderá imputar como gastos xerais ata un 10 % do importe do gasto executado, isto é, **MIL CINCOCENTOS EUROS (1.500,00 €)** sen necesidade de presentar ningún xustificante. Neste caso non se poderá imputar na conta xustificativa ningún outro gasto de carácter xeral salvo que se acredite fidedignamente nos xustificantes de gastos de que se trata dun gasto directo e necesario para o desenvolvemento da actividade.

Os gastos financeiros, os gastos de asesoría xurídica ou financeira, os gastos notariais e rexистраis e os gastos periciais non poderán ser considerados gastos indirectos, sendo subvencionable só no caso de que se traten de gastos directamente relacionados coa actividade subvencionada e sexan imprescindibles para a adecuada preparación ou execución dá mesma.


Acreditación do pago efectivo de cada un dos gastos.

Só se considera gasto realizado o que foi efectivamente pagado con anterioridade á finalización do período de xustificación


Admitíranse pagos en efectivo por importes de ata 500 euros. No caso de que o pago dun servizo estea fraccionado en varios pagos, o límite de 500 euros entenderase para o conxunto dos pagos correspondentes ao servizo, deberá achegarse recibo no que conste que ao emisor foille satisfeito o importe, con identificación da factura á que corresponde ou ben que no propio xustificante de gasto o emisor do mesmo acredite responsablemente cun NIF e unha firma que recibiu o importe e a data na que o recibiu.

En consecuencia, para acreditar a realización do pago de gastos superiores á devandita cantidade o sistema será a transferencia bancaria ou a domiciliación bancaria dos gastos, debendo acompañar á factura o xustificante de pago bancario (cartilla, extracto bancario, adeudo ou movemento bancario). Se o

DOCUMENTO DOCUMENTO OPENCERTIAC: TEXTO DEFINITIVO CONVENIO FUNDACIÓN ABRENTE 2021 GALEGO	IDENTIFICADORES OC: 52115I05IF	
OTROS DATOS Código para validación: PG2C0-LIMR3-9VMRM Página 7 de 17	SELLO	FIRMAS



Esta es una copia impresa del documento electrónico (Ref: 1642677-PG2C0-LIMR3-9VMRM-C0984134728274C9B6DD18160308F12BF60838C) generada con la aplicación informática Firmadoc. El documento no requiere firmas. Mediante el código de verificación puede comprobar la validez de la firma electrónica de los documentos firmados en la dirección web que le proporciona la entidad emisora de este documento.



pago realízase mediante talón ou cheque deberá achegarse ademais fotocopia do mesmo, e igualmente extracto ou movemento bancario, que acredite que o destinatario fixo efectivo o mesmo.

O pago debe realizarse sempre con cargo a unha conta da entidade, non podendo subvencionarse pagos realizados con cargo a contas cuxo titular non sexa a entidade.

En todo caso, considerárase gasto realizado antes desa data cando se constituíu unha cesión de dereito de cobranza da subvención aos acredores por razón do gasto realizado ou se hai entregado un efecto mercantil, garantido por unha entidade financeira ou compañía de seguros.

En ningún caso aceptárase o abono en efectivo de cantidades superiores aos 500 euros.

O prazo máximo para presentar a xustificación finaliza o 28 de febreiro de 2022.

O nome e anagrama do Concello da Coruña figurará con carácter preferente ao de calquera outro, de forma visible e destacada, en todas as actividades que se realicen en execución do presente convenio, así como nos medios que se empreguen para a súa difusión. A tal fin o Concello a través da Concellaría de Urbanismo, Infraestruturas, Vivenda e Mobilidade proporcionará á Fundación Abrente a imaxe que de acordo co manual de imaxe corporativa, pode e debe incorporarse, podendo así mesmo acceder ao citado manual no seguinte enlace: <https://www.corunha.gal/web/gl/concello/administracion/imaxe-corporativa>

SEXTA.- Abono da subvención.

O recoñecemento da obriga a favor da **Fundación Abrente** e o abono da subvención realizaranse unha vez efectuada a xustificación nos termos establecidos no presente convenio. Producirase a perda de dereito á cobranza total ou parcial da subvención no suposto de falta de xustificación ou de concorrencia de algunha das causas previstas no art. 37 da LXS

Con todo, poderase autorizar o anticipo da subvención total previa solicitude expresa realizada pola **Fundación Abrente**, condicionando o seu abono á constitución de unha garantía do 10 % do importe total da subvención, que se efectuará mediante a retención do pago polo **CONCELLO**. Unha vez efectuada a debida xustificación e non existindo responsabilidade por parte da entidade beneficiaria, procederase á devolución da cantidade retida en concepto de garantía.

Non poderá realizarse o pago da subvención en tanto a **Fundación Abrente** non acredite estar ao corrente no cumprimento das súas obrigacións tributarias co **CONCELLO** e a Axencia Tributaria e fronte á Seguridade Social ou sexa debedor por resolución de providencia de reintegro.


Previo á firma do convenio consta acreditado que a Fundación Abrente non está incurso en ningún dos supostos de prohibición establecidos nos apartados 2 e 3 do artigo 13 da LXS para obter a condición de beneficiario ou de entidade colaboradora mediante declaración responsable ante o Excmo. Concello da Coruña e certificados de estar ao corrente nas obrigas tributarias e coa Seguridade Social.

SÉTIMA.- Xustificación


Unha vez finalizada a actividade e, en todo caso, antes do 28 de febreiro de 2022, a **Fundación Abrente** deberá presentar, a seguinte documentación no Rexistro Xeral, aos efectos de xustificación:

Impreso de solicitude de xustificación segundo modelo establecido ao efecto (Anexo I).

DOCUMENTO DOCUMENTO OPENCERTIAC: TEXTO DEFINITIVO CONVENIO FUNDACIÓN ABRENTE 2021 GALEGO	IDENTIFICADORES OC: 52115I05IF	
OTROS DATOS Código para validación: PG2C0-LIMR3-9VMRM Página 8 de 17	SELLO	FIRMAS



Esta es una copia impresa del documento electrónico (Ref: 1642677 PG2C0-LIMR3-9VMRM C4984134728274C986DD18160308F12BFE00838C) generada con la aplicación informática Firmadoc. El documento no requiere firmas. Mediante el código de verificación puede comprobar la validez de la firma electrónica de los documentos firmados en la dirección web que le proporciona la entidad emisora de este documento.




Memoria que acredite que a actividade foi realizada e grado de cumprimento de obxectivos.

O beneficiario deberá xustificar que realizou a actividade nos termos da memoria presentada da seguinte forma:


- a) Memoria de actuación que incluirá (Anexo II).
 - 1. Indicación das actividades realizadas e xustificación do cumprimento das condicións impostas
 - 2. Valoración dos resultados obtidos indicando no seu caso, a desviación dos resultados acadados fronte aos resultados previstos.
- b) Memoria económica:
 - 1. Balance de ingresos e gastos realizados con motivo da actividade subvencionada, de maneira que se poida comprobar que se axustou ao orzamento inicial presentado. (Anexo III)
 - 2. Relación numerada de gastos, con indicación do acredor, do documento, do importe, data de emisión e data de pago (Anexo V).
 - 3. Remisión de facturas ou documentos de valor probatorio equivalente no tráfico xurídico mercantil, todos eles orixinais ou copias cotexadas, ordenadas correlativamente segundo o número de orde asignada na relación numerada anterior, así como os documentos que acrediten a efectividade do seu pago
 - 4. Para comprobar a medida en que axustouse o balance ao orzamento inicial presentado, acompañarase coa xustificación o cadro de desviacións do balance con respecto ao orzamento inicial, e, en caso de que neste se observen desviacións, realizarase informe de xustificación.

Neste sentido o importe da subvención está vinculado ao orzamento total da actividade e en ningún caso poderá ser superior ao déficit da mesma. No caso de que existan desviacións á baixa entre o balance e o orzamento inicial presentado, producirase o reintegro da achega municipal unicamente polo importe que exceda do custe total da actividade. (Anexo IV y VI).
 - 5. Certificación do Secretario co Vº Bº do Presidente acerca das subvencións e demais ingresos xerados con motivo da actividade subvencionada con independencia do seu reflexo no balance. (Anexo VII).
 - 6. Xustificarase preferentemente con facturas aínda que se poderán admitir outros documentos de igual valor probatorio admitidos no tráfico xurídico mercantil ou con eficacia administrativa. As facturas e os documentos xustificativos de valor equivalente deberán reunir os requisitos establecidos no artigo 6 do Real Decreto 1619/2012, del 30 de novembro, polo que se aproba o Regulamento que regula as obrigas de facturación. No caso de presentar fotocopias para dar cumprimento ao art. 73 do Regulamento de LXS, antes de facer a fotocopia deberá estenderse no orixinal da factura unha dilixencia na que se faga constar que a factura foi utilizada como xustificante de gasto para a obtención dunha subvención do Servizo de Infraestruturas deste Concello, dos gastos realizados no exercicio da actividade. As facturas haberán de presentarse polo conxunto da actividade subvencionada aínda cando o outorgamento da subvención municipal sexa inferior ao orzamento inicial. No caso de facturas emitidas por persoas físicas por servizos profesionais a entidade beneficiaria ven obrigada á retención do IRPF, nos límites e excepcións que establece a Lei e Regulamento do imposto ou no seu caso, debendo acreditarse o ingreso na Axencia Tributaria cos modelos 111 e 190.
 - 7. No caso de imputarse gastos de persoal: nóminas e será obrigatoria a presentación dos documentos TC1 e TC2 debidamente validados. O TC1 deberá estar selado pola oficina recadadora e/ou ir acompañado de xustificante bancario, aínda no caso de que non se imputen costes de seguridade social. O modelo TC2 deberá ir asinado pola persoa autorizada, en caso de confeccionarse telemáticamente

DOCUMENTO DOCUMENTO OPENCERTIAC: TEXTO DEFINITIVO CONVENIO FUNDACIÓN ABRENTE 2021 GALEGO	IDENTIFICADORES OC: 52115I05IF	
OTROS DATOS Código para validación: PG2C0-LIMR3-9VMRM Página 9 de 17	SELLO	FIRMAS



Esta es una copia impresa del documento electrónico (Ref: 1642677 PG2C0-LIMR3-9VMRM C4984134728274C986DD18160308F12BF60838C) generada con la aplicación informática Firmadoc. El documento no requiere firmas. Mediante el código de verificación puede comprobar la validez de la firma electrónica de los documentos firmados en la dirección web que le proporciona la entidad emisora de este documento.



polo Sistema RED. Deberá aportarse o modelo 111 (Trimestral) e modelo 190 (Resumo Anual) acreditativo do pago á Axencia Tributaria das retencións practicadas a traballadores suxeitos ao IRPF.

8. Acreditación do pago efectivo de cada un dos gastos. Só considerase gasto realizado o que foi efectivamente pagado con anterioridade á finalización do período de xustificación, debendo acreditarse o pago a través de copia do extracto bancario cando o pago se realice a través de transferencia, copia do cheque bancario cando se realice a través de cheque, e con a conformidade, suficientemente acreditada, do contratista ou provedor na correspondente factura no caso de pagos en efectivo.

O Concello reservase o dereito para comprobar, polos medios que estime oportunos, que a xustificación é correcta. Por tanto, o beneficiario quedará obrigado a facilitar canta información lle sexa requirida polo servizo xestor, a Intervención Xeral e os órganos competentes en censura de contas.


OITAVA.- Reintegro

O **CONCELLO** limita exclusivamente a súa colaboración ao pago da cantidade expresada na estipulación SEGUNDA, obrigándose e esixindo as responsabilidades derivadas da súa xestión na forma estipulada na Lei 38/2003, Lei Xeral de Subvencións, na Lei 7/1985, Lei Reguladora de Bases de Réxime Local e no Real Decreto Lexislativo 2/2004, Regulador de Facendas Locais e normativa de desenvolvemento, e baixo ningún concepto poderá quedar vinculada a responsabilidade de ningún tipo que puidera derivarse de calquera das actividades que se realicen, obrigándose a **Fundación Abrente** a cubrir as citadas responsabilidades

Procederá o reintegro das cantidades percibidas e a esixencia do interese de demora correspondente desde o momento do pago da subvención ata a data en que se acorde a procedencia do reintegro, ou a data na que o debedor ingrese o reintegro se é anterior a esta, nos seguintes casos:

- A obtención da subvención falseando as condicións requiridas para iso ou ocultando aquelas que a impedisen.
- Incumprimento total ou parcial do obxectivo, da actividade, do proxecto ou a non adopción do comportamento que fundamentan a concesión da subvención.
- Incumprimento da obriga de xustificación ou a xustificación insuficiente nos termos establecidos neste Convenio.
- Incumprimento da obriga de adoptar as medidas de difusión contidas na cláusula cuarta deste Convenio
- Resistencia, escusa, obstrución ou negativa ás actuacións de comprobación e control financeiro previstas nos artigos 14 e 15 da Lei Xeral de Subvencións, así como o incumprimento das obrigas contables, rexistras ou de conservación de documentos cando diso derívase a imposibilidade de verificar o emprego dado aos fondos percibidos, o cumprimento do obxectivo, a realidade e regularidade das actividades subvencionadas, ou a concorrencia de subvencións, axudas, ingresos ou recursos para a mesma finalidade procedentes de calquera Administracións ou entes públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea ou de organismos internacionais.
- En caso da concorrencia de subvencións, axudas, ingresos ou recursos para a mesma finalidade procedentes de calquera Administracións ou entes públicos, nacionais, da Unión Europea ou de organismos internacionais, cando o importe do financiamento público supere o custo da actividade, no importe do exceso producido.
- En caso de xustificar fora do prazo sinalado na cláusula sexta, e tras o requirimento efectuado de acordo co sinalado no artigo 70.3 do regulamento da LXS.

DOCUMENTO DOCUMENTO OPENCERTIAC: TEXTO DEFINITIVO CONVENIO FUNDACIÓN ABRENTE 2021 GALEGO	IDENTIFICADORES OC: 52115I05IF	
OTROS DATOS Código para validación: PG2C0-LIMR3-9VMRM Página 10 de 17	SELLO	FIRMAS



Esta es una copia impresa del documento electrónico (Ref: 1642677 PG2C0-LIMR3-9VMRM C498413472B274C9B6DD18160308F12BF60838C) generada con la aplicación informática Firmadoc. El documento no requiere firmas. Mediante el código de verificación puede comprobar la validez de la firma electrónica de los documentos firmados en la dirección web que le proporciona la entidad emisora de este documento.



-Os demais supostos previstos na Lei Xeral de Subvencións

NOVENA.- Comisión de Seguimento

Créase unha comisión mixta paritaria, que será a encargada de facer o seguimento e interpretación do convenio, previa convocatoria por calquera das partes. A comisión estará composta, por parte da Fundación, polo presidente e a xerente ou persoas en quen deleguen; pola parte do concello, integrárase pola directora de área e o xefe de servizo de infraestruturas.

DÉCIMA.- Causas de Resolución do Convenio

Será causa de resolución do convenio o mutuo acordo entre as partes, así como a denuncia de incumprimento de calquera das cláusulas mediante aviso previo comunicado de forma fidedigna no prazo dun mes desde que aquel fora detectado.

UNDÉCIMA.- Natureza

As partes suscribientes do presente documento colaborarán, en todo momento, de acordo cos principios de boa fe e eficacia, para asegurar a correcta execución do pactado e para fomentar e impulsar o desenvolvemento das actuacións relacionadas


As posibles cuestións litixiosas ou controversias a que poida dar lugar a aplicación, interpretación, modificación, efectos e resolución do presente convenio, serán resoltas de conformidade co disposto na Lei 29/1998, do 13 de xullo, Reguladora da Xurisdición Contencioso-Administrativa

E para que así conste para os efectos oportunos, en proba de conformidade, as partes asinan o presente documento, no lugar indicado no encabezado e na data da última firma dixital.

A alcaldesa, O presidente da Fundación Abrente,

Inés Rey García Angel López Fernández

DOCUMENTO DOCUMENTO OPENCERTIAC: TEXTO DEFINITIVO CONVENIO FUNDACIÓN ABRENTE 2021 GALEGO	IDENTIFICADORES OC: 52115I05IF	
OTROS DATOS Código para validación: PG2C0-LIMR3-9VMRM Página 11 de 17	SELLO	FIRMAS



Esta es una copia impresa del documento electrónico (Ref: 1642677 PG2C0-LIMR3-9VMRM C4984134728274C986DD18160308F12BFE0838C) generada con la aplicación informática Firmadoc. El documento no requiere firmas. Mediante el código de verificación puede comprobar la validez de la firma electrónica de los documentos firmados en la dirección web que le proporciona la entidad emisora de este documento.



ANEXO I
Convenio nominativo
Exercicio 2021.

SOLICITUDE DE XUSTIFICACIÓN

DO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O EXCMO. CONCELLO DA CORUÑA E
PARA

DOCUMENTACIÓN PRESENTADA:


1. Memoria explicativa da actividade realizada.
2. Balance de ingresos e gastos
3. Balance de desviacións respecto ao orzamento inicial.
4. Relación clasificada e detallada de gastos da actividade.
5. Xustificación das desviacións.
6. Certificación relativa ás subvencións e demais ingresos obtidos.
7. Facturas orixinais dos gastos realizados.
8. Acreditación do pago.
9. Certificados de encontrarse ao corrente nos seus gastos coa AEAT, coa Seguridade Social, e co Concello da Coruña.

Ena de


O/A Representante

Asdo. D./D^a.....

DOCUMENTO DOCUMENTO OPENCERTIAC: TEXTO DEFINITIVO CONVENIO FUNDACIÓN ABRENTE 2021 GALEGO	IDENTIFICADORES OC: 52115I05IF	
OTROS DATOS Código para validación: PG2C0-LIMR3-9VMRM Página 12 de 17	SELLO	FIRMAS



Esta es una copia impresa del documento electrónico (Ref: 1642677 PG2C0-LIMR3-9VMRM C0984134728274C9B6DD18160308F12BF60838C) generada con la aplicación informática Firmadoc. El documento no requiere firmas. Mediante el código de verificación puede comprobar la validez de la firma electrónica de los documentos firmados en la dirección web que le proporciona la entidad emisora de este documento.



ANEXO II
Convenio nominativo
Exercicio 2021.

MEMORIA DA ACTIVIDADE REALIZADA

Actividade realizada

Datas en que se realizou

Horario e lugar de realización

Fundamentación.....
.....
.....

Descrición do contido do proxecto.....
.....
.....
.....

Recursos utilizados (persoais e materiais)
.....

Obxectivos conseguidos
.....

Avaliación do proxecto
.....

Ena de

O/A Representante


Asdo. D./D^a.....

OTROS DATOS

Código para validación: PG2C0-LIMR3-9VMRM
Página 13 de 17

SELLO

FIRMAS



Esta es una copia impresa del documento electrónico (Ref: 1642677 PG2C0-LIMR3-9VMRM C4984134728274C986DD18160308F12BF60838C) generada con la aplicación informática Firmadoc. El documento no requiere firmas. Mediante el código de verificación puede comprobar la validez de la firma electrónica de los documentos firmados en la dirección web que le proporciona la entidad emisora de este documento.



ANEXO III. Convenio nominativo
Ejercicio 2021
Entidade:
Actividade:

BALANCE DE LA ACTIVIDAD

Ingresos	Importe	Gastos	Importe
Cotas propias da actividade		Persoal	
Matrícula	€		€
Mensualidades	€	Gastos de profesionais	
Subvencións destinadas á actividade (obtidas ou en trámite salvo a solicitada ao Concello)		Materiais	
	€	Outros gastos correntes (imputables directamente á actividade)	€
	€		€
	€		€
Outros		Gastos indirectos	€
	€		€
	€		€
	€		€
(A) TOTAL INGRESOS	€	(B) TOTAL GASTOS	

RESULTADO DA ACTIVIDADE (B) - (A)€
Dilixencia: faise constar que este balance é fiel reflexo dos datos que figuran na contabilidade da entidade.
Data : En a de de
O/A SECRETARIO/A VºBº O/A PRESIDENTE/A

Asdo. D./Dª..... Asdo. D./Dª.....




ANEXO IV
Convenio nominativo
Exercicio 2021
Entidade

BALANCE DE DESVIACIÓNS RESPECTO AO ORZAMENTO INICIAL
Actividade:

Ingresos	Importes			Gastos		
	Orzamento	Balance	Desviación	Importes		
Cotas propias da actividade				Orzamento	Balance	Desviación
Matrícula	€	€	€	Persoal	€	€
Mensualidades	€	€	€	Gastos de profesionais	€	€
Subvencións destinadas á actividade (obtidas ou en trámite salvo a solicitada ao Concello)				Materiais	€	€
.....	€	€	€	Outros gastos correntes (imputables directamente á actividade)	€	€
.....	€	€	€		€	€
.....	€	€	€		€	€
Outros	€	€	€	Gastos indirectos.	€	€
.....	€	€	€		€	€
(A) TOTAL INGRESOS	€	€	€	(B) TOTAL GASTOS	€	€

Data: En a de de
O/A SECRETARIO/A
Asdo. D./Dª
VºPº O/A PRESIDENTE/A
Asdo. D./Dª





Convenio nominativo

Exercício 2021

Entidade:

Actividade:

RELACIÓN CLASIFICADA E DETALLADA DOS GASTOS DA ACTIVIDADE

ACREDOR	Nº FACTURA	DATA DE EMISIÓN	IMPORTE	DATE DE PAGO	CONCEPTO
TOTALES					

A Coruña a de de


O/A Secretario/a

V^o-B^o-O/A Presidente/a

Asdo:

Asdo:

DOCUMENTO DOCUMENTO OPENCERTIAC: TEXTO DEFINITIVO CONVENIO FUNDACIÓN ABRENTE 2021 GALEGO	IDENTIFICADORES OC: 52115I05IF	
OTROS DATOS Código para validación: PG2C0-LIMR3-9VMRM Página 16 de 17	SELLO	FIRMAS



Esta es una copia impresa del documento electrónico (Ref: 1642677 PG2C0-LIMR3-9VMRM C498413472B274C9B6DD1816030BE12BF60838C) generada con la aplicación informática Firmadoc. El documento no requiere firmas. Mediante el código de verificación puede comprobar la validez de la firma electrónica de los documentos firmados en la dirección web que le proporciona la entidad emisora de este documento.



Ayuntamiento de A Coruña
Concello da Coruña

ANEXO VI
Convenio nominativo
Exercicio 2021

XUSTIFICACIÓN DAS DESVIACIÓNS DO BALANCE CON RESPECTO AO ORZAMENTO INICIAL

IMPORTE DA DESVIACION

.....

MOTIVOS QUE A FUNDAMENTAN:

.....
.....
.....
.....
.....
.....
.....

Ena de de


O/A SECRETARIO/A

VºBº O/A PRESIDENTE/A

Asdo. D./Dª.....

Asdo. D./Dª.....

DOCUMENTO DOCUMENTO OPENCERTIAC: TEXTO DEFINITIVO CONVENIO FUNDACIÓN ABRENTE 2021 GALEGO	IDENTIFICADORES OC: 52115I05IF	
OTROS DATOS Código para validación: PG2C0-LIMR3-9VMRM Página 17 de 17	SELLO	FIRMAS



Esta es una copia impresa del documento electrónico (Ref: 1642677 PG2C0-LIMR3-9VMRM C4984134728274C9B6DD18160308F12BF60838C) generada con la aplicación informática Firmadoc. El documento no requiere firmas. Mediante el código de verificación puede comprobar la validez de la firma electrónica de los documentos firmados en la dirección web que le proporciona la entidad emisora de este documento.



Ayuntamiento de A Coruña
Concello da Coruña

ANEXO VII
Convenio Nominativo
Exercicio 2021

D./D^a.....N.I.F. calidade de
Secretario da entidade
.....
.....C.I.F.e domicilio social en
.....

CERTIFICA:

Que a entidade
para a actividade
.....
a desenvolver nas datas

solicitou as seguintes subvencións (procedentes de calquera Administración ou Ente público ou privado, nacional ou internacional):

Entidade á que se solicitou	Finalidade para a que se solicitou	Importe
.....		 €
.....		 €

Delas lle foron concedidas:

Entidade concedente	Finalidade	Importe
.....		 €
.....		 €
.....		 €

E comprométese a comunicar aquelas concedidas con data posterior á presentación desta solicitude.

E para que conste e surta os efectos conseguintes, expide a presente certificación en

En.....a de de

O/A SECRETARIO/A
Asdo. D./D^a.....

VºBº O/A PRESIDENTE/A
Asdo. D./D^a.....